

Pluriemprego

Diego AMEIXEIRAS

1

Non era habitual en min a aquelas horas da tarde, pero por algunha razón quedei durmido. Quizais me sentía un pouco canso, ou simplemente quería esquecer a última das moitas visitas que lle fixera a Mercedes. Deberon pasar uns vinte minutos cando espertei. Doíame a cabeza e pesábame o corpo coma se tivese un saco de cemento colocado sobre o peito. Mercedes observoume dende a porta do servizo. Acababa de poñerse un chandal gris que empregaba para dar o seu paseo diario pola praia e parecía especialmente contenta.

—Por que non me espertaches? —pregunteille mentres me incorporaba.

—Pensei que querías durmir. Fixen un pouco de café. Apetéceche?

—Non. Xa sabes que non me senta ben.

A claridade cegoume cando subiu a persiana. Era unha tarde luminosa pero fresca, o inverno empezaba a achegarse. Sentíame profundamente decaído e vestínme todo o rápido que puiden. Mercedes acababa de perfilar os seus beizos cun lapis vermello. Nunca comprendín a razón pola que se maquillaba tan a fondo para saír a facer os seus exercicios.

—Os pantalóns están debaixo da mesiña —díxome cun estrano sorriso.

Unha cama alta de ferro, con ornamentos dourados, un armario de dúas portas con espellos e un cabeceiro curvo do que sobresaía un copete con motivos florais, e dúas mesiñas desiguais con tapa de mármore. A altura considerable do teito, onde colgaba unha lámpada de bronce, non impedía que todo o conxunto resultase decadente e opresivo. Unha alfombra moi ostentosa parecía levar anos adherida ao chan e sobre o tocador había varias fotografías de Mercedes pertencentes aos seus lonxanos anos de xuventude. En bicicleta, montando orgullosa a cabalo, unha viaxe a París. Durante o tempo que duraban as miñas visitas gardaba nun caixón a instantánea do día da súa voda, aínda que nalgunha ocasión esquecía

protexerme da ollada vixiante do seu marido, ataviado con uniforme militar.

Un forte olor a madeira envellecida parecía ascender polas paredes e multiplicaba a atmósfera rancia do dormitorio. Puxen os pantalóns mentres a viúva máis honorable do edificio seguía sen quitarme de enriba os seus ollos nerviosos.

—Ocorre algo? —preguntoume—. Pareces preocupado.

Non respondín. Mercedes sentou ao meu carón impedindo que me puxera os zapatos. Introduciume as mans baixo a camiseta e sentín os seus dedos fríos beliscándome as mamilas. Quixo bicarme, pero xirei a cabeza antes de que os seus beizos alcanzasen os meus.

—Teño que marchar —dixen.

—A que vén agora tanta présa? Dixeches que non tiñas nada que facer.

—Acabo de cambiar de idea.

Mercedes deuse por vencida. De novo entrou no cuarto de baño deixando a porta entreaberta, de maneira que eu podía observala mentres remataba de atarme os zapatos. Achegueime. O espello devolvíalle a imaxe do seu rostro. A pel parecía recuberta por unha capa de cera pero enrugábase no medio da fronte coma un papel finísimo. Tiña as cellas e os pómulos moi levantados, as meixelas convertidas en dúas incrustacións excesivamente inchadas. Os ollos felinos e un nariz recachado, cunha pequena prominencia na punta, completaban unha expresión artificial.

—Deixeiche o sobre na mesa da cociña —díxome.

Asentín e estirei os brazos ata tocar coas mans o lintel da porta. Mercedes remataba de aplicarse unha crema hidratante.

—O mes que vén estarei na casa da praia. Podemos pasar alí unha fin de semana xuntos. Que che parece?

—Non creo que sexa boa idea.

—Hai moi poucos veciños. Ninguén vai estar vixiándonos.

—Iso é o que menos que importa.

—Se queres un aumento non hai problema.

Pero poderías falar máis claro, xa sabes que non me gustan as medias palabras.

Mercedes gardou a crema no armario. Quixen impedirle a saída, pero fixo o ademán de golpearme no estómago e retireime instintivamente. Os meus prolongados silencios non acababan de incomodala, aínda que era evidente que empezaba a sospeitar algo. Colleu os lentes de sol e colounos sobre o cabelo.

—Que tal estou? —preguntoume.

Volvín asentir, agora sen demasiada convicción. Puxen a chaqueta e asegureime de que non esquecía nada entre as sabas que se retorcián sobre o colchón. Decidín sentar na cama para ordenar un pouco a miña cabeza. Non acababa de decidirme e soltei un bufido.

—Dixeches que tiñas présa e agora parece unha estatua —engadiu—. A ti non hai quen te entenda.

Mireina fixamente. Tentei que non se me notase demasiado a sensación de repugnancia que me percorría o corpo. Odiábame profundamente a min mesmo.

—Isto acabou, Mercedes. Non haberá próxima vez.

—Estás falando en serio?

—Totalmente. E non insistas porque non penso cambiar de opinión.

—Se queres falar de diñeiro estou disposta a escoitarte.

—Sabes que nese sentido non podo queixarme. Os dous levamos un ano facendo un bo negocio, pero todo ten o seu final.

Mercedes baixou a cabeza. O seu corpo miúdo, excesivamente delgado, encolleuse coma un paxaro baixo a choiva. Lembrei o tacto mol dos seus peitos e o seu xeito de rir cando me sumerxía entre as súas pernas.

—Non podía imaxinalo así, tan de súpeto —dixo coa voz entrecortada—. Da noite para a mañá.

Custoume asumir que estaba experimentando algo semellante a un sentimento de mágoa. Sempre lamentei tomar decisións. O carácter resolutivo dos homes de acción non formaba parte das miñas virtudes, pero non había volta atrás. Porén, para a miña desgraza naquel intre, á satisfacción de dominar os acontecementos non podía engadir a sensación de estar actuando con absoluta seguridade, aínda que era certo que levaba doce longos meses maldicíndome cada vez que entraba naquela casa. Pero cando Mercedes volveu erguer a cabeza, a dura expresión do seu rostro fixome

recapacitar en cuestión dunha décima de segundo. Agradecín profundamente aquela mirada de odio. Que Mercedes pareceuse disposta a asasinarme resultou decisivo para decatarme de que me estaba a comportar coma un estúpido. Punto e final. Nin sequera lle debía unha explicación.

—Pois empeza a asumilo —respondín—. De agora en diante terás que buscarte outro mellor con quen divertirte.

—Por que me fas isto? Gústache facerme sufrir?

—Estás montando unha escena que non ten sentido. Deixa de lamentarte. Non é a fin do mundo.

—Pensei que había algo máis entre nós.

—Por favor. De verdade criches iso algunha vez?

Mercedes deixou de mirarme con expresión de odio. Asistín con incredulidade á metamorfose da súa faciana e mantívenme firme. Acariñoume as fazulas como a un cativo, deténdose no nariz, no perfil dos beizos. Seguía tendo as mans moi frías, parecía que acababa de introducilas nunha bolsa de xeo. Observábame como se estivese admirando un tesouro moi prezado. Como a unha propiedade da que xa non podería gozar nunca máis. En realidade, notei unha falsa melancolía contaminando o ambiente.

—Levas razón. Todo foi un engano, pero gustábame imaxinar que non era así. Acepto deportivamente a derrota. Empezarei dende agora mesmo a asumir que a nosa relación vai ser radicalmente diferente.

—Non haberá relación, Mercedes. De ningún tipo.

—Iso teremos que discutilo. Se existe boa vontade, cando entre dúas persoas xorden diferenzas non demasiado importantes, todo se transforma en beneficio. Non hai razóns para ser tan radical. Acepto que pretendas abandonar a ilusión do sentimento, pero non unha separación absoluta. Ben pensado, será mellor que de agora en adiante sexamos esaxeradamente pragmáticos. A canto ascenden as túas novas tarifas?

—Se segues insistindo por aí, equivócaste de estratexia. Tento dicirche que non se trata dunha cuestión de cartos. Vexo que che resulta moi difícil entendelo, pero non debería sorprendeme.

—Eu nunca te humillei como ti o estás facendo agora.

—Será mellor que marche.

—Creo lembrar que a porta está pechada con chave. Pensas derrubala? Ademais, teño noticias

frescas sobre ti. Sei que levas un tempo diversificando as túas fontes de ingresos. Non me parece mal que sexa así, pero deberías ter en conta que non se trata dun traballo moi recomendable. Poderías atoparte con problemas se alguén decide complicarche a vida.

—Serías capaz de facelo?

—Non me gustaría, pero parece que queres obrigarme.

—Eu tamén podo falar, Mercedes. Deberías telo en conta.

—Impórtame pouco. Teño demasiado anos como para preocuparme polo que poida pensar de min quen non me coñece. Ademais, eu non estou cometendo ningún delito. Es ti quen ten moito que perder. Cunha simple chamada telefónica asegúroche que pasas esta noite en comisaría.

—Aínda terei que darche as grazas.

—Non esaxeres. Confórmome con que as cousas sigan como ata agora. Tampouco che estou pedindo algo que non me teñas dado durante todo este tempo.

2

Silvia soltou unha forte gargallada. Recoñezo que me ruboricei coma un neno ao que acaban de soltarlle unha reprimenda. Dous vellos coñecidos que bebían cervexa na barra, algo afectados polo alcohol, comentaron algo polo baixo e seguiron concentrados nas noticias deportivas da televisión.

—Estás de broma —díxome.

—Falo completamente en serio, Silvia. Que necesidade tiñas de contarllo?

—Deixa de desvariar. Eu respecto o teu traballo.

—Era demasiado para ti. Non puideches resistilo, a que non? Esa vella estúpida sempre presume de que vos contades confidencias como dúas amigas.

—Non che consinto que fales así dela. É a miña avoa e quéroa moito. A ti non ten por que importarche a relación que teñamos. E se lle conto as miñas intimidades e ela as súas, ou se imos xuntas ao cine ou de compras, é asunto noso. Todo iso faille sentirse máis nova.

—Calquera día recomendarache o seu ciruxán plástico.

—De momento non me fai falta. Pero quen sabe.

Silvia acababa de facer vinte e tres anos.

Levaba unha minisaia de cadros escoceses, medias negras e botas de cor violeta. Sabía moi ben que me sentía profundamente atraído por ela, aínda que nunca me ofrecía a máis mínima oportunidade. Prefería os homes algo maiores. Cando viña buscarme polo bar sempre aparecía acompañada por algunha das súas conquistas. A última era un xornalista que seguía intercambiando discos co camareiro.

—Prefiro que me contes a verdade —díxenlle.

—Eu non teño a culpa de que aquel día estiveses na súa casa. Síntoo, todo foi unha coincidencia. Ademais, a miña avoa non tiña por que ter aberto a porta.

—Iso mesmo penso eu.

—Os dous disimulamos moi ben. Asegúroche que non se decatou de que nos coñeciamos.

—Cres que me importa iso agora?

—Imaxino que así todo se complicaría un pouco máis. Coñézoa. Se a miña avoa xa sabía ao que te dedicas, empezaría a facerme preguntas. Que sexa moi liberal non quere dicir que lle faga graza que frecuente malas compañías.

—Non sospeitaba que tiveses esa opinión de min.

—Visto dende a súa perspectiva, ti es dese tipo de persoas. Dende a miña, todo o contrario.

—Antes dixeches que vos contades todo.

—Pero eu poño os límites. Non pretenderás que pense que ten unha neta drogadicta.

Entroume un calafrío que me xeou o cerro do lombo. Maldicín o meu carácter despistado, a miña proverbial tendencia á desorde. Toda aquela inevitable deixadez, imposible de superar, que gobernaba a miña vida. O vello *spleen* que me acompañaba dende a adolescencia. A miña tendencia ao desastre máis absoluto. Non podía ser certo. Botei as mans aos petos do pantalón para comprobar que, afortunadamente, levaba as bolsas enriba. Suspirei aliviado. Con disimulo, fixen un rápido reconto notando o tacto dos plásticos entre os dedos. Non faltaba nada. O material ao completo, disposto para a repartición. Non era a primeira vez que extraviaba varios gramos nos lugares máis estúpidos. O censo de localizacións era bastante amplo. Afortunadamente, o dormitorio de Mercedes non gozaba dese privilexio.

—A túa avoa sabe demasiadas cousas sobre min —dixen cando Silvia xa se empezaba a incomodar polo meu silencio—. E todo pola túa culpa.

—Segues sen razonar. Son eu quen teño máis información da que ti pensas.

—Que queres dicir?

—Estasme poñendo contra a espada e a parede.

—Ti elixes. Se quedas calada, esquécete de min. Terás que buscarte outro para alegrarte as fins de semana.

—Realmente necesitas saber o que me conta a miña avoa de ti? Podes imaxinalo perfectamente, pero non quero facerche pasar un mal rato con intimidades.

—Estasme vacilando?

—De momento non. Pero se queres, podo empezar agora mesmo.

Había tempo que envexaba a súa capacidade para ter sempre a derradeira palabra.

—Vasme dar iso, si ou non? —preguntoume—. Estanme agardando.

Fixemos o intercambio rapidamente, como de costume. Uns billetes por debaixo da mesa a cambio dun gramo de cocaína.

—Queres unha cervexa? —preguntoume—. Convido eu.

—Grazas, pero teño que marchar.

Arrastrei a cadeira e dirixinme á barra para pagar a miña consumición. Os vellos coñecidos falaban de fútbol, discutían co ánimo alporizado dos borrachos. Busquei un billete na carteira pensando en que Silvia non me mentira. Estaba no certo. A miña hipótese era totalmente absurda, un delirio estúpido. Mentres o camareiro contaba unhas moedas na caixa rexistradora, asumín definitivamente que Mercedes aproveitara o tempo da miña sesta para furgar nos petos do meu pantalón. Non había razóns para darlle máis voltas. Querendo ser irónico comigo mesmo, sorprendeume o nivel de sagacidade da miña conclusión.

Sorrinlle á nada.